

# PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

IES CABO ORTEGAL

CURSO: 2024-2025

## INDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....</b>	<b>4</b>
<b>2.1.O Noso centro.....</b>	<b>4</b>
<b>2.2. O Departamento de orientación.....</b>	<b>5</b>
<b>3. DETECCIÓN DAS NECESIDADES.....</b>	<b>6</b>
<b>4. OBXECTIVOS XERAIS.....</b>	<b>8</b>
<b>5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.....</b>	<b>8</b>
<b>6. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN.....</b>	<b>10</b>
<b>Acción tutorial.....</b>	<b>11</b>
<b>Atención a diversidade.....</b>	<b>16</b>
<b>Orientación académica e profesional.....</b>	<b>19</b>
<b>7. RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN.....</b>	<b>24</b>
<b>8. ACTUACIÓNS CO CONTORNO ESCOLAR.....</b>	<b>25</b>
<b>9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....</b>	<b>25</b>
<b>10. AVALIACIÓN DO PLAN.....</b>	<b>25</b>
<b>ANEXO I: Actividades complementarias e extraescolares.....</b>	<b>27</b>

## 1. INTRODUCCIÓN.

O Plan de Orientación anual é o documento que recolle a proposta de traballo do departamento de orientación para o curso académico 2024-2025, e polo tanto guiará a nosa labor docente. A nosa práctica docente desenvólvese en base a unha concepción sistémica e preventiva da acción orientadora.

Para a elaboración do plan, tivéronse en conta as necesidades do I.E.S. identificadas a través da análise dos distintos documentos do centro, información recollida nas distintas reunións e na memoria do curso pasado.

Consideramos que o noso traballo é un traballo a longo prazo e dificilmente valorado de forma cuantitativa. É por isto que imos seguir a liña de traballo tendendo máis a incidir sobre a organización e defendendo o modelo de prevención fronte ó modelo reactivo e clínico, se ben, farase atención directa nos casos que sexa preciso.

Engadir, que o departamento de orientación tratará de atender a todas as demandas xurdidas, dando prioridade en todo caso a etapa de ESO, por ser esta a que garante a educación básica e obrigatoria, e dentro desta centrarémonos nos dous primeiros cursos co fin de tentar atallar a problemática que poda xurdir o máis cedo posible.

O Departamento de Orientación do I.E.S Cabo Ortegal realizará as súas funcións, axustándose á lexislación vixente, citaremos como básica entre outras a ter en conta, as seguintes ordes e Decretos:

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Decreto 324/1996, de 26 do xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 2.2. O Noso centro

O noso centro está situado nunha vila costeira no concello de Cariño, a súa economía centrase principalmente na pesca, fabricación de conservas, explotacións forestais e na extracción e comercialización dos minerais da zona.

As comunicacións cos principais núcleos urbanos non son nada doadas, o que produce un certo sentimento de illamento na poboación.

O centro acolle alumnado da zona, e das parroquias limítrofes que requiren de desprazamento. O alumnado procede principalmente do centro adscrito de primaria CEIP Manuel Fraga Iribarne, situado na zona do paseo marítimo, moi preto do noso IES. Tamén acolle alumnado procedentes do estranxeiro, principalmente nestes últimos anos, alumnado Ucraíno, aspecto que hai que ter en conta pola diferenza e cambio que supón para este alumnado a estruturación e organización do sistema educativo en relación ó país de procedencia, tendo este alumnado que facer un gran esforzo na súa adaptación, aínda así pódese dicir que a súa integración escolar e social é bastante boa.

#### **Ensinanzas que oferta o centro no presente curso 2024/25**

O centro imparte as ensinanzas de ESO, Bacharelato (nas modalidades de Ciencias e Humanidades e CCSS) e un Ciclo de Grao Medio de Formación Profesional de Sistemas microinformáticas e redes en réxime modular para adultos.

No presente curso o centro ten matriculados 151 alumnos/as distribuídos en:

<b><u>Réxime Ordinario</u></b>	
<b>ESO</b> un total de 109 alumnos/as	1º da ESO: 25 alumnos/as
	2º da ESO: 27 alumnos/as
	3º da ESO: 30 alumnos/as
	4º da ESO: 27 alumnos/as
<b>BACHARELATO</b> un total de 33 alumnos/as	1º de Bacharelato: 16 alumnos/as
	2º de Bacharelato: 17 alumnos/as
<b><u>Réxime de adultos</u></b>	
<b>CICLO MEDIO:</b> Sistemas microinformáticas e redes	CM: 9 alumnos/a

### **Profesorado**

O claustro está formado por 24 profesores/as máis dúas mestras especialistas en pedagogía terapéutica, unha delas a media xornada compartida có CEIP Manuel Fraga Iribarne.

### **2.3. O Departamento de orientación (DO)**

Neste curso renóvase o departamento, permanecendo do curso anterior a orientadora.

**O Departamento de Orientación está formado polos seguintes membros:**

Profesora do ámbito científico: Noelia Pérez Yáñez

Profesor do ámbito lingüístico: David Loureiro González

Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (PT): Lucia Pardo Moure

Mestra especialista en PT compartida co centro e primaria: Carla Salgueiro Breijo.

Xefa do Departamento: María Jesús Permuy Pérez.

**Funcionamento do DO:** Realizaranse as seguintes reunións

- Reunión mensual cos membros do Departamento de orientación.
- Reunións semanais coas mestras de Pedagogía Terapéutica ca finalidade de establecer pautas de actuación e seguimento do alumnado que requira dunha

atención máis individualizada e para a posta en marcha do PXAD e dos diferentes protocolos.

- Reunións que sexan precisas para atender as necesidades que xurdan na atención aos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Reunións e contacto cos titores/as, ven acoden eles ao Departamento, ou na sala de profesores, ou ven comunicación por e-mail.
- Atención alumnado os xoves e venres de 11:00 a 11:30 ou calquera outro día e hora sempre que o alumnado o solicite con antelación.
- Atención familias os martes 10:10 a 11:00, así como en calquera outro momento con cita previa.
- Tentarase en todo momento favorecer un clima de cooperación, diálogo e participación tanto na relación co alumnado como co profesorado. O departamento de orientación pretende ser unha entidade colaboradora con calquera membro da comunidade educativa.
- En función das necesidades que vaian xurdindo, estableceranse as reunións pertinentes con cada un dos axentes educativos, así como os externos ó IES (traballadora social, centro saúde, psicólogos..)

### **Instalacións**

O departamento de orientación conta cun pequeno local na planta baixa do pavillón central onde se realizarán as reunións de departamento, a atención individualizada do alumnado, e as entrevistas pertinentes coas familias e co profesorado. Contamos a maiores cunha aula provista de material específico para realizar os apoios as mestras especialistas en PT ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

### **3. DETECCIÓN DAS NECESIDADES**

A avaliación de necesidades toma como fontes básicas a observación (percepción do clima do centro), lectura dos documentos institucionais existentes, memoria do curso pasado, conversas co profesorado, especialmente coas mestras de pedagogía terapéutica,

demandas efectuadas polo profesorado e familias que se achegan polo departamento nestes primeiros días de curso. Revisión dos informes do alumnado con dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de atención a diversidade (adaptacións, exencións, programas de reforzo, protocolos, etc).

**A nivel xeral as necesidades do centro poderían sintetizarse nas seguintes:**

**a) Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial:**

Implementar actividades que aborden:

- Normas de aula e dereitos e deberes dos estudantes.
- Uso da axenda escolar como ferramenta de aprendizaxe.
- Hábitos e técnicas de estudo.
- Habilidades sociais e prevención do acoso e ciberacoso.
- Educación en igualdade e loita contra a violencia de xénero.
- Riscos das TIC e uso responsable da tecnoloxía.
- Educación para a saúde e prevención de drogodependencias.
- Promoción de valores e hábitos de vida saudables.

**b) Detección temperá de necesidades educativas:**

- Detectar e dar resposta ás necesidades do alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro, tanto desde primaria como procedente doutros países.
- Previr problemas de aprendizaxe e o risco de fracaso escolar.
- Realizar un seguimento específico do alumnado con TDAH, TEA, Síndrome de Down, dislexia, dificultades de aprendizaxe e altas capacidades, seguindo os protocolos da Consellería.
- Diseñar programas individualizados e adaptar currículos segundo as necesidades de cada estudante.
- Coordinar cos centros de primaria para facilitar a transición entre etapas educativas.

c) **Participación das familias:**

Fomentar a implicación das familias na vida do centro e no proceso de aprendizaxe dos seus fillos, así como na promoción de hábitos de vida saudables.

d) **Orientación académica e profesional:**

Desenvolver actividades de orientación para a transición entre etapas educativas e a incorporación ao mundo laboral.

e) **Prevención do absentismo escolar e abandono temperán**

#### 4. OBXECTIVOS XERAIS

Establecidas as necesidades no ámbito da orientación formulamos os obxectivos que se propón o departamento de orientación para o curso 2024-25:

- 1) Lograr unha orientación de calidade, nas vertentes educativa, persoal e vocacional para todo o alumnado do centro, e propiciar a través da acción orientadora e tutorial, o desenvolvemento integral do alumnado.
- 2) Contribuír ás adecuadas interaccións entre todos os membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias) e lograr que as familias se impliquen no proceso educativo dos seus fillos/as.

#### 5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Baseándonos nas liñas de actuación que veñen marcadas pola lexislación referidas á orientación, e tendo en conta a análise das necesidades feita no noso centro marcaremos como liñas prioritarias para o curso 24-25.

**A nivel do centro:**

- Colaborar na mellora da convivencia, especialmente coa coordinadora da mesma.



- Adaptar as medidas de reforzo educativo e de atención á diversidade que podan mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave.
- Promover a realización de actividades de orientación e información académica e profesional na que participen axentes externos fundamentalmente co alumnado que remata a ESO, Bacharelato, ( Visitas, Programa A Ponte...)
- Colaborar con outras institucións e axentes externos ao centro cando sexa necesario.

#### **A nivel do profesorado:**

- Posta en marcha do PAT, establecendo en colaboración cos titores os criterios xerais que deberán orientar o traballo que se realice nas titorías ao longo do curso segundo as necesidades.
- Asesorar a titores e profesorado en xeral sobre as medidas de atención á diversidade.
- Apoiar aos titores na súa labor titorial, asesorando e acompañando nas reunións pertinentes coas familias, no seguimento individualizado do alumnado.
- Colaborar na realización da avaliación inicial do alumnado de primeiro de ESO. e do alumnado de nova incorporación para unha identificación temperá das necesidades .

#### **A nivel de alumnado:**

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas nos casos que se requira.
- Accións encamiñadas a desenvolver hábitos de traballo, motivación cara ao estudo.
- Contribuír á mellora do clima de convivencia nas aulas.
- Colaborar e levar a cabo accións para o desenvolvemento pleno das súas capacidades e da súa personalidade, tendo en conta a vertente persoal, escolar e vocacional.
- Promover a formación en igualdade entre mulleres e homes.
- Fomentar a coeducación promovendo valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.

### A nivel de familias:

- Facilitar o achegamento das familias ao centro educativo.
- Asesorar e dar información sobre o desenvolvemento dos seus fillos no IES.
- Establecer canles de comunicación efectiva que repercutan positivamente no desenvolvemento do alumnado.

### A nivel do entorno

- Colaborar no coñecemento da oferta formativa do centro.
- Colaborar cos Servizos Sociais do Concello, coas Asociacións e organismos que poden axudar a mellorar a atención educativa do noso alumnado.

## 6. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

Os ámbitos da nosa intervención son o apoio a:

- **Acción titorial**
- **Atención á diversidade**
- **Orientación académica e profesional,**

Recollendo en cada un destes ámbitos, os obxectivos, as actividades e recursos para o curso académico actual.



# ACCIÓN TITORIAL (apoio á Acción Titorial)

Entendemos a orientación e tutoría do alumnado como un esforzo conxunto de todo o profesorado, onde o titor xoga un papel fundamental na coordinación do equipo docente do grupo, no contacto coas familias e no desenvolvemento de funcións específicas.

A tutoría abrangue tanto as actividades que o titor realiza co seu grupo de alumnos como aquelas accións que cada profesor realiza na súa materia para orientar, titorizar e apoiar o proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

O Plan de Acción Titorial (PAT) ten como obxectivo principal favorecer o desenvolvemento integral do alumnado, fomentar a cohesión do grupo e mellorar as relacións interpersoais. Búscase potenciar o coñecemento mutuo, a cooperación entre o alumnado e a reflexión sobre o seu desenvolvemento persoal e académico.

O plan estruturarase en obxectivos xerais aplicables a todas as etapas educativas, Priorizando actuacións concretas en función das necesidades e características de cada nivel.

## a) Obxectivos xerais da Acción Titorial

- 1) Contribuír á individualización da educación, facilitando unha resposta educativa axustada ás necesidades particulares do alumnado, articulando as oportunas medidas de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- 2) Contribuír ao carácter integral da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa: cognitivos, afectivos e sociais.
- 3) Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo para iso a adquisición de aprendizaxes funcionais conectados coa contorna, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.
- 4) Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e de toma de decisións respecto ao futuro académico e profesional.

- 5) Previr as dificultades na aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
- 6) Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e a contorna social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan suscitarse.
- 7) Detectar e eliminar calquera caso de acoso escolar ou actuacións agresivas ou discriminatorias a membros da comunidade escolar.
- 8) Fomentar os hábitos de estudo, facilitando aos alumnos técnicas sinxelas que deben practicar e automatizar.
- 9) Fomentar a incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, autoestima, resolución de conflitos, dinámica de grupos, normas do centro, e igualdade entre homes e mulleres.
- 10) Educar na igualdade, loitando contra a violencia de xénero.

É preciso concretar estes obxectivos xerais en función dos tres ámbitos de actuación: alumnado, familias e profesorado.

### **Respecto ó alumnado:**

- Impulsar a integración do alumnado no centro e no grupo clase.
- Proporcionar información relevante das necesidades educativas do alumnado, co fin de favorecer unha resposta educativa axeitada
- Facer seguimento do alumnado especialmente daquel que precise atención específica.
- Impulsar a participación do alumnado nas actividades que se propoñan como parte do proceso educativo.
- Contribuír ao desenvolvemento da madurez vocacional e persoal, asesorando na toma de decisións na elección de materias ao longo das etapas educativas, como ó remate da ESO, ou do bacharelato

### **Respecto ao profesorado:**

- Coordinar toda a labor docente cos especialistas e equipo docente que participen na intervención educativa co alumnado que presente necesidades educativas específicas e co resto do grupo clase.
- Planificar as actividades de avaliación e autoavaliación do alumnado.
- Axustar as programacións ás necesidades detectadas.
- Asesorar na avaliación e promoción.

### **Respecto ás familias**

- Fomentar a participación das familias nas actividades propostas polo centro.
- Informar ás familias acerca da evolución dos seus fillos.
- Asesorar ás familias ante situacións problemáticas ou de conflito.
- Solicitar ás familias colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar.

Tendo en conta os **eixos e accións esenciais do PAT**, as actividades que se proporán ó longo do curso, serán repartidas nos tres trimestres e tratarán de dar resposta ás diferentes necesidades e intereses de cada un dos niveis educativos.

## **b) Actividades**

As actividades en xeral realizaranse dentro da propia aula de cada grupo.

### **Presentación do novo curso**

- Coñecemento do centro, dos compañeiros/as e do profesorado.
- Organización da clase.
- Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, criterios e avaliación, uso da axenda, actividades complementarias e extraescolares, etc.
- Particularidades do nivel educativo a desenvolver. Expectativas como grupo.

### **Integración e convivencia**

- Normas de convivencia.
- Dereitos e deberes do alumnado.

- Funcións do delegado. Elección de delegado.
- Elaboración dunhas normas propias de aula.
- Habilidades sociais:
  - Habilidades conversacionais.
  - Habilidades de solución de problemas interpersoais.
  - Expresar emocións e sentimentos.
  - Aceptar e rexeitar críticas.
  - Como formular queixas.
  - Saber dicir non.

### **Desenvolvemento persoal**

- Autoconcepto e Autoestima.
- Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.).
- Temas transversais.
- Educación para a saúde: drogas, alcol, educación viaria, alimentación.
- Educación moral e cívica.
- Educación sexual.
- Igualdade entre homes e mulleres.
- Educación ambiental, consumo responsable.

### **Axuda ao estudo**

- Condicionantes previos.
- Actitude cara o estudo.
- Ambiente externo.
- Hábitos, planificación e organización do estudo.
- A importancia da lectura.
- Técnicas para traballar a información escrita.
- Técnicas de estudo e de traballo intelectual.
- Preparación e realización de exames.
- Reflexión e análise sobre os resultados acadados nas avaliacións.

## Orientación académica

- **Coñecemento de si mesmo:**
  - Actitudes
  - Capacidades
  - Rendemento
- **Información:**
  - Sistema educativo. Organización das materias, materias optativas.
  - Saídas ao remate da ESO
  - Modalidades de bacharelato. Elección de itinerarios formativos.
  - Probas de acceso.
  - Toma de decisións
  - Asistencia a xornadas de orientación organizadas polas universidades.

### **c) Avaliación**

A avaliación será inicial (valoración de necesidades), formativa e continua.

Ao longo do curso, en cada sesión de avaliación recollerase información sobre o desenvolvemento do proceso de E/A que servirá para revisar a evolución do plan, introducindo aquelas modificacións que sexan necesarias.

En canto ás actividades o DO fará un seguimento de cada unha dalas atendendo os seguintes criterios:

- As valoracións que fai o alumnado tras rematar cada actividade a través de comentarios dirixidos ao titor/a.
- As valoracións dos titores/as de cada actividade realizada.
- De haber aspectos negativos anotaranse na ficha de rexistro de actividades.

Ao final de curso farase unha avaliación final da titoría na que recolleremos a opinión do alumnado, do profesorado encargado de levar a cabo directamente a acción tutorial. Farémola a través de cuestionarios sinxelos que se entregarán a cada un deles.

Analizaremos tamén o grao de satisfacción dos titores co departamento de orientación.



# ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## Apoio ao proceso de Ensino - Aprendizaxe (E/A)

O Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe ou Plan de Atención á Diversidade, é o documento no que se recollen e desenvolven as propostas relativas á atención á diversidade, co obxectivo de atender a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, proporcionando unha resposta educativa personalizada e adaptada a cada un dos alumnos/as, así como as diferentes inquietudes que xorden no centro, constitúe a finalidade á que se encamiñan as medidas de apoio que se recollen neste plan.

Na atención á diversidade estaremos implicados todos os integrantes do equipo educativo. Terá un papel máis destacado na implementación destas actuacións o profesorado de aula que traballa directamente co alumnado, contando coa colaboración das mestras de pedagogía terapéutica nos casos que requiran apoio educativo específico, especialmente con necesidades educativas especiais.

### a) Obxectivos (Atención á Diversidade)

- 1) Detectar o antes posible as necesidades educativas do alumnado, establecer un diagnóstico da situación e levar a cabo unha intervención o máis axeitada posible.
- 2) Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- 3) Facilitar a integración/inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tanto a nivel de grupo-clase como a nivel de centro.
- 4) Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- 5) Potenciar a acción tutorial e orientadora por parte de todo o profesorado, asesorándoo de cara á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.



- 6) Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- 7) Manter reunións periódicas cos pais/nais do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de cara ao intercambio de información sobre os mesmos, promovendo a implicación das familias no proceso educativo.

### **b) Actividades e accións prioritarias**

As accións do plan concrétnanse en distintos niveis de actuación: a nivel centro, profesorado, alumnado, familias.

#### **Actuacións respecto ao Centro**

- Promover a comunicación entre os distintos docentes que traballan co mesmo grupo.
- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica nos termos que se establezan para revisar o Proxecto Educativo,
- Elaborar aspectos do Proxecto Educativo de competencia do departamento.
- Establecer criterios e procedementos para a elaboración de adaptacións curriculares, Plan de Tutorías...
- Revisar do Plan Xeral de Atención á Diversidade e a súa concreción anual.

#### **Actuacións respecto ao Profesorado**

- Colaborar co profesorado na recollida e análise de datos na avaliación inicial do alumnado de primeiro de ESO.
- Realizar a valoración psicopedagóxica daqueles alumnos/as que se considere necesario e sexan demandados.
- Colaborar na elaboración e revisión da ACs. Facer o seguimento das ACs.
- Manter reunións co profesorado titor para facer seguimento do proceso de E/A,



especialmente nos cursos 1º e 2º da ESO.

- Establecer en coordinación coas mestras de PT e o profesorado do alumnado que precise algún tipo de reforzo, os horarios de atención individualizada fóra da aula e dentro da aula ordinaria.
- Facer o seguimento do alumnado que sexa obxecto de apoio en colaboración coas mestras de Pedagogía Terapéutica..
- Asistir e asesorar na realización das avaliacións.
- Colaborar na realización do informe individualizado do alumnado.
- Contribuír na identificación do alumnado que, de cara ó vindeiro curso, poda beneficiarse de medidas de atención á diversidade como reforzos, agrupamentos, exención da segunda lingua estranxeira, PDC, ou derivación a unha FP Básica,

### **Actuacións respecto ó alumnado**

- Prevención, identificación e coordinación do tratamento das dificultades de aprendizaxe.
- Participar nas sesións de avaliación e reunións de equipos docentes cando así sexa requirido.
- Ofrecer información e asesoramento sobre aspectos clave do proceso de ensino aprendizaxe, como técnicas de estudo e planificación do traballo.

### **Actuacións respecto á Familia**

- Brindar orientacións ás familias, para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos.
- Promover a implicación das familias nas actividades de apoio e reforzo dos seus fillos fillas, así como no proceso educativo e na toma de decisións.

### **c) Avaliación**

A avaliación será inicial (valoración de necesidades), formativa e continua.

Ao longo do curso, en cada sesión de avaliación, recolleranse datos sobre a marcha do proceso de E/A en función da que se revisará a evolución do plan, introducindo aquelas modificacións que sexan necesarias.

Con obxecto de coñecer a efectividade do programa e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que foran susceptibles de mellora no próximo curso, o departamento de orientación levará a cabo, sempre que sexa posible, unha avaliación específica:

- Contrastando as experiencias mediante discusións nos equipos de titores.
- Realizando estudo e seguimento dos alumnos e alumnas.

## ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)

Na Educación Secundaria Obrigatoria o alumnado comeza unha etapa de exploración na que empeza a pensar nos seus intereses, habilidades e valores.

Ao finalizar a educación obrigatoria, intégranse eses factores e realízanse as tentativas sobre o que pode ser o seu futuro académico e profesional.

O proceso de toma de decisións nesta etapa esixe que o alumno/a integre a representación de si mesmo co que coñece do mundo laboral, e social.

A medida que o alumno/a avanza na súa formación e adquira máis madurez, tomará decisións máis importantes, o que pode levarlle a cambiar decisións anteriores ou facer novas eleccións.

Este proceso é unha procura constante de equilibrio, que precisa de nova información e decisións.

### a) Obxectivos e actividades do POAP

O obxectivo xeral do POAP é fomentar a madurez vocacional do alumnado para que podan tomar decisión de maneira autónoma e reflexiva. Para logralo, é necesario proporcionar aos estudantes información obxectiva e precisa sobre as diferentes opcións académicas e, cando corresponda, profesionais en función de cada situación educativa. Tamén se busca axudar aos alumnos a desenvolver estratexias efectivas para a toma de decisións e proporcionar unha orientación profesional libre de discriminación, eliminando os estereotipos de xénero habituais asociados a certos traballos, co fin de mellorar as perspectivas de emprego e formación de mozas e mozos.

Para acadar este obxectivo será preciso atender os seguintes bloques temáticos:

- Coñecemento de si mesmo.
- Coñecemento do sistema educativo.
- Coñecemento do mundo laboral.
- Coñecemento e aplicación de procesos de recollida e análise de información
- Coñecemento e aplicación de estratexias de toma de decisións.

## **b) Actividades e accións prioritarias do POAP**

As accións deste plan concréntanse coma sempre en distintos niveis de actuación: Centro, Profesorado, alumnado e familias.

### **Actuacións respecto ao Centro**

- Proporcionar aos diferentes axentes educativos do centro información relativa ao POAP e ás canles a través das que se pode desenvolver dito plan.
- Asesorar aos diferentes axentes educativos en aspectos do POAP que poden facer chegar ás familias dende o seu campo de actuación.

### **Actuacións respecto ao Profesorado**

- Facilitar información ao alumnado sobre o futuro académico e profesional sempre que sexa posible e estea relacionado coa súa área.
- Asesorar nas sucesivas eleccións e decisións que teñan que tomar os alumnos/as.

### **Actuacións respecto ao alumnado**

- Orientacións e información sobre o sistema educativo, así como das alternativas educativas e profesionais.
- Axudar ó alumnado a coñecer e distinguir as súas aptitudes, preferencias e intereses.
- Proporcionar información sobre as opcións ó rematar a ESO, con e sen título.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades para que analicen as características de cada profesión, así como as capacidades esixidas para o exercicio da mesma.

### **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

As actividades na ESO levaranse a cabo a través dos respectivos PAT xa que a maioría delas desenvolveranse na hora de titoría grupal.

As actividades de orientación vocacional Terán un carácter marcadamente educativo e irán orientadas ao desenvolvemento das capacidades necesarias para que poda ser o propio alumno quen tome as súas propias decisións de xeito libre e responsable, tanto no momento actual como ao longo da súa vida.

Aínda que a titoría grupal sexa unha das vías principais para desenvolver os contidos da orientación académica e profesional, teremos en conta que moitos dos coñecementos e habilidades implicados na toma de decisións son algo que se adquire dun xeito ou doutra no marco do currículo, a través das aprendizaxes que se promoven nas distintas áreas e materias. Por iso o labor dos titores se complementará con outras actuacións específicas establecidas.

Dado que o feito de dispoñer de información correcta ou incorrecta pode condicionar o proxecto de vida dos alumnos, todo o profesorado poñerá especial coidado en dispoñer dun coñecemento ou da información precisa sobre a estrutura do novo sistema educativo.

O departamento de orientación colaborará con todo o profesorado neste ámbito da acción tutorial proporcionando a información adecuada a través de documentos, esquemas e materiais de diverso tipo.

A orientadora do centro atenderá as consultas ou resolverá as dúbidas dos alumnos que non poidan atender os titores por quedar fóra do establecido no plan.

### **1º e 2º da ESO**

- Actividade “coñecemos ás profesións, repasamos o SE e coñecemos 2º de ESO có alumnado de 1º da ESO.
- Explicación do sistema educativo: sobre todo en 2º da ESO.
- Elaboración do Consello Orientador ao finalizar o segundo curso, incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e da adquisición das competencias clave correspondente, así como unha proposta da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un Programa de Diversificación Curricular ou a un ciclo de Formativo de grao Básico.

### **3º e 4º da ESO**

- O proceso de toma de decisións: fases do proceso, actividades de toma de decisión mediante casos prácticos.
- Actividade “Autocoñecemento, coñecendo ás opcións académicas e repasamos o proceso de tomar decisións” có alumnado de 3º da ESO
- Explicación do sistema educativo. Distintas posibilidades o rematar a ESO con e sen título” có alumnado de 4º da ESO.
- Aplicación de cuestionarios de exploración de intereses profesionais, aptitudes, valores, personalidade..

- Elaboración do Consello Orientador ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, incluírá una proposta sobre a opción ou as opción académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes.
- De ser posible, visita a algunha universidade ou a algún centro de FP (CIFP) para familiarizarse coa estrutura, funcionamento e posibilidades da FP, tanto de grao medio como superior. Con alumnos/as de 4º ESO.

## **BACHARELATO**

- Realizar sesións informativas co alumnado sobre as distintas posibilidades ó rematar o Bacharelato, información sobre ofertas educativas e formativas da zona.
- Información e orientación sobre as distintas Universidades, centrándose especialmente no distrito universitario galego.
- Información sobre probas de acceso a Universidade, Becas de estudio, residencias, ciclos formativos de grao superior.
- De ser posible, visita aos Campus Universitario do Sistema Universitario Galego, co alumnado de 1º e/ou 2º Bacharelato. Asistencia a algunha xornada organizada por centros integrados de formación profesional .
- Participar nas charlas informativas relacionadas co mundo académico que as universidades ofrecen como (Programa A Ponte Universidade de Santiago de Compostela (USC), charlas informativas da Universidade da Coruña ( UDC), Charla do persoal da CIUG, escolas superiores...)
- Atender ás demandas de información puntuais.

## **Actuacións respecto á Familia**

- Orientacións e información sobre o sistema educativo, así como das alternativas educativas e profesionais daqueles alumnos/as que non acadaron a titulación ao remate da etapa.

- Implicar aos pais nas actividades recollidas dentro do proceso educativo que favorecen a toma de decisións dos seus fillos.
- Fomentar a participación responsable das familias na toma de decisións académicas e profesionais dos seus fillos.

## 7. RECURSOS

As actividades planificadas polo Departamento de Orientación son postas en marcha, principalmente, polo profesorado titor dos diferentes grupos. Por outra parte, no Decreto 120/1998 e na Orde 24 de xullo do mesmo ano, establécense as actuacións que debe levar a cabo o xefe do departamento e que fan necesaria a colaboración con outros profesionais. Por este motivo, contamos cós seguintes recursos.

### **Recursos persoais:**

Profesorado Titor, Xefatura de Estudos, membros do noso Departamento de Orientación, Claustro, Equipo Directivo, CCP, o Consello Escolar,... Para finalizar, estimamos necesaria a colaboración de axentes externos ao centro como o EOE, CEFORE, traballadores ou educadores sociais, centro saúde, técnicos da oficina de igualdade, Persoal do programa A Ponte da Universidade de Santiago de Compostela e persoal da Universidade da Coruña, profesorado dos IES máis próximos, técnicos e profesionais de entidades como Cruz Vermella, ASFEDRO, Quérote+, persoal do Plan director, etc.

### **Recursos materiais:**

Material elaborado polo DO, material proporcionado polos distintos axentes externos implicados nas distintas actividades, información das distintas universidades e centros de formación profesional etc. As TIC sendo un recurso imprescindible que nos ofrecen moitos recursos de rápido acceso.



## 8. ACTUACIÓNS CO CONTORNO ESCOLAR

Fomentar a colaboración co centro adscrito de Primaria (CEIP) dado que o seu alumnado incorporase posteriormente ao noso IES. Proporcionar unha canle fluída de comunicación co departamento de orientación do CEIP como elemento básico. Traballarase para que o paso dunha etapa a outra resulte como un continuo dentro do ensino obrigatorio.

Levaranse a cabo sesións de información e acollida no mes de xuño para acoller ao novo alumando de 1º ESO.

## 9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A actuación do departamento centrarase en diferentes modalidades de programas, entendendo a orientación coma unha labor de todo o equipo docente e por extensión de toda a comunidade educativa, co departamento de orientación como dinamizador deste proceso. A implementación de programas non se restrinxira a actuacións puntuais, senón buscará establecer un continuo orientador que abarque toda a escolaridade do alumnado. É importante destacar que a nosa concepción da orientación non se limita exclusivamente ós estudantes senón que tamén inclúe ós diferentes membros da comunidade educativa como profesorado e familias. Entendemos a educación como una orientación para toda a vida que abarcará entre outros aspectos o asesoramento sobre distintos camiños, e a atención individualizada ás necesidades do alumnado, fomentando a súa auto orientación, e a súa capacidade para tomar decisións propias.

Finalmente cabe resaltar que o presente Plan ten un carácter flexible, servindo de guía para orientar a nosa práctica, pero sen limitar a nosa capacidade para abordar cuestións que podan xurdir de maneira inesperada.

## 10. AVALIACIÓN DO PLAN

Este Plan Anual do D.O. someterase a un proceso continuo de avaliación formativa encamiñado a valorar en que medida imos logrando os obxectivos propostos.

Coa avaliación pretendemos obter maior información sobre as características do sistema socio educativo no que se sitúa o noso alumnado e mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a información, para corrixir e adaptar ditos deseños de cara a conseguir unha maior eficacia. Esta avaliación ten carácter interno, será realizada polos axentes implicados no plan.

Como actividades para a avaliación propoñemos o análise e valoración das actuacións desenvoltas nas reunións cos titores/as, da participación dos membros da comunidade educativa na realización dos programas. Valoración dos apoios recibidos e das relacións do D.O. e titores; e opinións do alumando durante e tras finalizar a posta en marcha dos diferentes programas.

Como instrumentos de avaliación destacamos, entrevistas formais e informais, autoavaliación do D.O., observación e intercambios orais, contrastes de experiencias entre titores/as, observación sistemática do profesorado.

#### **Estas actividades de valoración irán encamiñadas a:**

- Valorar en que medida vamos logrando os obxectivos propostos
- Mellorar os deseños de intervención orientadora e psicopedagóxica para corrixir os erros ou adaptalos de cara a conseguir unha maior eficacia.

Despois das avaliacións do terceiro trimestre, o DO elaborará unha Memoria na que se reflectirán: A nivel xeral:

Coherencia entre os obxectivos e os resultados.

Relación entre as necesidades detectadas e os obxectivos propostos.

A Nivel Específico:

- As modificacións introducidas no desenvolvemento do plan.
- As dificultades atopadas no desenvolvemento do plan.
- A valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos

Cariño, 30 de setembro 20224

## ANEXO I

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROPOSTAS

(coa colaboración doutras entidades).

Algunhas das actividades que se pretenden realizar, aínda sen concretar datas e sempre deixando marxe á flexibilidade son as seguintes:

CURSOS	ACTIVIDADES: CHARLAS/ OBRADOIROS	ORGANISMO	DATAS/MES
1º ESO	HHSS	ASFEDRO	7 de outubro 16:00 a 16:50
			14 de outubro 11:30 a 12:20
	Acoso/Ciberacoso	Plan director	Sen confirmar
	Violencia sobre a muller	Plan director	Sen confirmar
	Coñece o teu corpo	Centro saúde	Sen confirmar data
2º ESO	HHSS	ASFEDRO	7 de outubro de 10:10 a 11:00
			14 de outubro de 10:10 a 11:00
	Violencia sobre a muller	Plan director	Sen confirmar data
	Outras adicións (apostas, videoxogos)	Plan director	Sen confirmar data
	Coñece o teu corpo	Centro saúde	Sen confirmar data
	Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais	Dirección Xeral Ordenación e Innovación Educativa	Sen confirmar data
	Alimentación saudable	Centro saúde/ outra entidade	Sen confirmar data
DI K NON	Fundación Barrié	Participación no proceso de selección dos centros educativos que participarán nos Talleres Di K Non	
3º ESO	HHSS	ASFEDRO	7 de outubro 13:10 a 14:00
			14 de outubro 13:10 a 14:00
	Drogas / alcol	Plan director	Sen confirmar data
	Violencia sobre a muller	Plan director	Sen confirmar data
	obradoiro afectivo sexual:	QUEROTE +	Sen confirmar data
	Alimentación Saudable	Centro saúde/ outra entidade	Sen confirmar data
DI K NON	Fundación Barrié	Participación no proceso de selección dos centros educativos que participarán nos Talleres Di K Non	

4º ESO	Prevenção xogo patolóxico	ASFEDRO	7 de outubro 11:30 a 12:20
	Drogas / alcol	Plan director	14 de outubro 12:20 a 13:10
	Charla sexualidade	Centro saúde/outra entidade	Sen confirmar data
	DI K NON	Fundación Barrié	Participación no proceso de selección dos centros educativos que participarán nos Talleres Di K Non
	Xornada de portas abertas	CIFP LEIXA	Sen confirmar data
	Programa A Ponte	Visita USC	Sen confirmar data
1º Bacharelato	Chala: Grao en xestión de Empresas Hostaleiras, mencións en Dirección Hostaleira e Gastronomía	Centro Superior de Hostalaría de Galicia:	17 de outubro  11:30 a 12:20
	Charla: estudos e saídas profesionais nas Forzas Armadas	Forzas Armadas de Ferrol	14 de novembro
1º e 2º Bacharelato	Xornada de portas abertas no CIFP de LEIXA	CIFP LEIXA	Sen confirmar data
	Programa A Ponte: Charla informativa. Graos universitarios, bolsas, ABAU, matrícula.	Universidade Santiago de Compostela (USC)	Pedida para o 27 de novembro  De 9:20 a 11:00
	Programa A Ponte	Visita USC	Sen confirmar data
	Visita UDC	Universidade da Coruña	Sen confirmar data
	Charla sobre ABAU, Matrícula Universidade, Bolsas...	Universidade da Coruña	Sen confirmar data